

ACTA N° 05/2011

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 26 DE ABRIL DE 2011.

ORDE DO DIA

UNICO: Sorteo para elección de Presidente, vogais e os/as respectivos/as suplentes das mesas electorais para as eleccións que se celebrarán o día 22 de maio de 2011 “Eleccións municipais 2011”, en cumprimento do disposto no artigo 26 da Lei 5/85, de 19 de xuño do Réxime Electoral.

Asistentes:

Sr. Alcalde: D. Xosé Manuel Millán Otero.

Srs. Concelleiros:

D. Valentín Piñeiro González

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

D. Daniel Rodas Chapela

D. Victor Manuel Pastoriza Lino

Dna. María Teresa Suárez Riobó

D. Arturo González Pérez

D. Javier Abal Juncal

D. Carlos Trigo Fervenza

D. Angel Manuel González Riobó

Na Casa do Concello de Moaña a 26 de abril de 2011, sendo as 13:05 horas, reúnen os señores reseñados baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos do Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, ca finalidade de celebrar o Pleno Extraordinario convocado, con arreglo ao presente orde do día.

ÚNICO: SORTEO PARA ELECCIÓN DE PRESIDENTE, VOGAIS E OS/AS RESPECTIVOS/AS SUPLENTES DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS QUE SE CELEBRARÁN O DÍA 22 DE MAIO DE 2011 “ELECCIÓNS MUNICIPAIS 2011”, EN CUMPRIMENTO DO DISPOSTO NO ARTIGO 26 DA LEI 5/85, DE 19 DE XUÑO DO RÉXIME ELECTORAL.

Informa o Sr. Alcalde a Corporación Local que o asunto a tratar e dar cumprimento ao disposto no artigo 26 da Lei 5/85, de 19 de xuño, do Réxime Xeral Electoral, é dicir, que debe procederse ao sorteo para a elección de presidente, vogais e seus respectivos suplentes nas 27 mesas dos Colexios Electorais deste municipio para as eleccións municipais de 2011, que terá lugar o próximo día 22 de maio.

A tal fin a Corporación presencia mediante tratamento informático a designación por sorteo das persoas para os cargos indicados, o cal queda materializado no acto, prestando a conformidade os señores asistentes.

Neste estado dáse por finalizado o acto as 13:20 horas, extendendo a presente acta e atopándoa conforme a firma a presidencia, de todo o cal, como Secretario, DOU FE.

O ALCALDE

O SECRETARIO